


Páxina de autor | Arturo Casas



De diarios a dietarios

O QUE DE común teñen os textos enmarcados baixo a etiqueta diario é menos do que se atribúe a ese brioso sector da “literatura do eu”. Sobre todo se abrimos o abano do tempo e do espazo e consideramos obras que chegan a nós co recendo doutras culturas ou doutra idea do que sexa unha personalidade, un suxeito, unha vida.

O propósito de contar os pormenores dunha viaxe a Oriente no século IV, como fixo a galega Exeria no seu *Itinerarium*, é irredundante ao que nas postrimerías do século XVII resolve o xaponés Bashō no haibun titulado *Oku no hosomichi*, “Senda ás terras profundas”. E, por descontado, ao que poida representar o diario moderno (Gide, Kafka, Pla, Moreiras...) e a súa moi vixente modelización canónica, coa dobre variante que é frecuente observar, a de carácter máis ben íntimo e a aberta ao social.

Xusto desa alternativa privado-público provén unha insegura clasificación, a que opón diarios e dietarios, cando é evidente a existencia de escalas e cartografías complementarias nada despreciables. Tres exemplos: as memorias de publicación póstuma dos grandes nomes da vida pública e intelectual na Francia do XIX, as ditas autobiografías estéticas e o que a posmodernidade instaurou arredor da inestabilidade do eixe verdade/ficción. Chateaubriand, e aínda o Portela Valladares de *Dietario de dos guerras*, fronte a Woolf, Musil ou o diario erótico de Anaïs Nin. Fronte a estes modelos, o terceiro: as volubilidades de Vila-Matas ou a simulación vida-teatro de blogs como ...mmmm..., de Estíbaliz Espinosa.

En tempos e coordenadas sentimentais moi afastadas, tanto Exeria coma Bashō, superados os corenta anos de idade, escribiron os seus diarios de viaxe con pautas definidas, configuradas nas respectivas tradicións nas que beberon, diversas e á vez converxentes na comprensión da viaxe como un movemento espiritual. Só nalgún sentido como unha exploración do eu. En Exeria, mesmo con certa conciencia de xénero, hoxe incómoda porque remite a unha comprensión subalterna da autoría feminina en tonalidade expositiva e temática, e tamén canto ao que se atila —é irrelevante— de instalación no pre-literario. En Bashō, igualmente con conciencia de xénero, agora no sentido de clase poética, porque un haibun é un híbrido cultural chino-xaponés e textual (prosa e verso). Busca, pois, doutra forma de dicir(se) e doutra forma de entender(se). Velaí a marca de todo diario non trivial.

Non é eludíbel en consecuencia o nome do diarista Stendhal. A autoindagación, non sempre voluntaria ou decidida: “Vou facer cincuenta anos e vai sendo hora de coñecerme” (no limiar á Vida de Henry Brulard). Moi noutras coordenadas, vemos o Castelaio que no libro II de *Sempre en Galiza* lamenta: “[este texto] semella todo el unha confesión máis que un guieiro político”. Ese acceso á intimidade, propiciado pola navegación atlántico, non estaba ausente tampouco no “Adro” estremeño e estremeiro desta obra mixta de Castelaio, pero si, e é ben mágoa, no seu *Diario 1921*, coevo do *Quadern gris* dun novísimo Josep Pla.

Pode que coa excepción do incisivo e revoltado Antón Tovar, a literatura de noso nutra unha curiosa reticencia cultural neste terreo, equilibrada con fórmulas como a extensión coral de Ramiro Fonte nas súas prosas eumesas ou coa intención retabular e poderosísima en linguaxe e carga plástica de Bieito Iglesias en “Días soltos”, o seu dietario de aparición mensual. ●




Ilustración: Giorgio de Chirico